

CANTIGUEIRO DE COMPOSTELA



VARIOS

SYNOPSIS

O cancionero popular galego é unha creación colectiva, oral e normalmente anónima. Un dos alicerces da nosa Cultura —con maiúsculas, pois todo é cultura, malia que algúns diletantes aínda queiran poñer por enriba o creado en soidade sobre unha escribanía que as creacións do pobo entre cantos, viños e danzas.

Esta recompilación é froito tamén dunha obra colectiva. Os escolmadores beberon dos estudosos e recompiladores que os precederon, comezando polo padre Sarmiento no século XVIII e rematando con Dorothé Schubarth e Antón Santamarina no século XX, pasando por Saco e Arce e Domingo Blanco.

Foron eles, co seu traballo e esforzo, quen nos permitiron coñecer estas cantigas transmitidas xeración tras xeración, case sempre por mulleres, que, doutro xeito, estarían perdidas para sempre no remol do tempo.


Este Cantigueiro de Compostela esta conformado por dous grupos ben diferentes de cantigas: por unha banda as recollidas en Santiago de Compostela, especialmente no lugar de Folgoso, na parroquia de Santa María de Figueiras, e, pola outra, aquelas onde se menciona á cidade, o seu santo, os seus mosteiros, de San Martiño a San Francisco, e algunhas das rúas máis senlleiras, do Vilar á Calderería, ou lugares, como Conxo e o Pico Sacro, o monte Illicinus do Códice calixtino, desde onde os peregrinos ven por vez primeira as ansiadas torres da catedral.

Quen hoxe paseamos e volvemos pasear polas súas rúas lousadas quedamos prendidos de Santiago, como o fixeron quen moito antes nos precederon e o cantaron, como demostran o monllo de cantigas que seguen....




Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Subject	CANCIONEIROS
Collection	LIBROS SINGULARES E FORA DE COLECCION
EAN	9788411764124
Status	Dispoñible
Binding	Tapa dura
Pages	96
Size	160x115x0 mm.
Price (Tax inc.)	18,00€
Release date	15/05/2025

Related Titles




POLBO XIGANTE, UN (+CD)
CASARES, CARLOS



GALO DE ANTIOQUIA, O
CASARES, CARLOS



BELA OTERO
PIONEIRA DO CINE, A
FERNANDEZ, MIGUEL ANXO



MIÑA VIAXE AS
GRAÑAS DO SOR,
A
CARRE ALVARELLOS, UXIO